

debut09

ESTUDOS SUPERIORES EN DISEÑO TÉXTIL E MODA DE GALICIA

ESDEMGA

Paternariado Esdemga
Universidade de Vigo
Concello de Pontevedra
Deputación de Pontevedra
Caixanova
Cámara de Comercio de Pontevedra
ATEXGA

Directora
Lola Dopico Aneiros
Subdirectora
Cristina Varela Casal
Coordinadora de Relacións Externas
Silvia García González
Asistente de Dirección
Rocío Gómez Juncal

DEBUT09

Organizan
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra,
Universidade de Vigo
ESDEMGA
Estudios Superiores de Deseño Têxtil
e Moda de Galicia

Patrocinan e colaboran
ATEXGA
AIPCLOP
Museo de Pontevedra
Consello Social da Universidade de Vigo
Cocacola
Liberty
Paco & Lola
Sensilys
Sargadelos
La Moderna

Premios

Mención Fin de Estudos:
ATEXGA (Asociación Têxtil de Galicia)
e AIPCLOP (Asociación de Industrias
de Punto e Confección -Lugo, Orense e
Pontevedra)

Mención especial do xurado:
Purificación García

Xurado
Diane Pernet, Crítica de moda.
Diego Íñiguez, Director de Imaxe de El Caballo.
José Castro, Deseñador de José Castro Estudio.
Lucas Arraut, Director de EP3 de El País.
Emilio Tuñón Alvarez, Arquitecto.
Luis M. Mansilla, Arquitecto.
Nicolás Vaudelet, Deseñador de El Caballo.
Sofía Clarí, Pelonio Comunicación.
Representantes de ATEXGA e AIPCLOP.
Lola Dopico, Directora dos Estudos Superiores de
Deseño Têxtil e Moda de Galicia.

Dirección da pasarela
Lola Dopico

Dirección artística
Charo Froján e Alfredo Olmedo

Dirección de proxectos
Charo Froján e Alfredo Olmedo,
Patricia Soto

Coordinación de pasarela
Cristina Varela Casal
Rocío Gómez Juncal

Dirección e coordinación de Backstage
Heriberto Otero (New Model´s)

Dirección de montaxe
Fernando Suárez Cabeza

Asistentes de montaxe
Alberto García Ariza
Ana Seoane Suárez
Francisco Miguens Ferro
José Ángel Zabala Mate

Montaxe
Museo de Pontevedra
Carpintería Martínez Paz, S.L.
Cristalería Kameselle

Catering
La Crém Catering

Son
Sinsalaudio
FM Sonido Profesional

Iluminación
Grupo Norte

Perruquería e Maquillaxe
Guy & Silvia

PUBLICACIÓN

Dirección
Lola Dopico

Coordinación
Cristina Varela,
Marcos Dopico,
Rocío Gómez

Textos
Lola Dopico
Mª del Mar Nicolás
Susana Cendán

Dirección de Fotografía
Fernando Suárez Cabeza

Estilismo e perruquería
Guy & Silvia

Colaboración Especial
Berto Martínez
Esther Lebrato

Deseño Gráfico /Maquetación
dedominiopúblico

Deseño web
dedominiopúblico

Programación web
Alberto García Ariza

Traduccións
Interlingua

Imprime
Gráficas Sogal

Edita
ESDEMGA. Universidade de Vigo

ISBN: 978-84-8158-455-4
Depósito Legal: PO 687-2009

ESDEMGA
Estudios Superiores
en Deseño Têxtil e Moda
de Galicia
Facultade de Belas Artes
Rúa Maestranza nº 2
36002
Pontevedra
T. 986 80 18 33
www.esdemga.uvigo.es
info.esdemga@uvigo.es
coordinacion.esdemga@uvigo.es

A nosa cita anual ten chegado. Xa estamos outra vez presos dos síntomas do Debut, temos as caras recoñeciblemente alteradas, marcadas polo nerviosismo, os agobios de última hora, coa susceptibilidade a flor de pel e coa sensación de que non chegamos, que algo se nos vai ir das mans, que nalgún momento o mecanismo que mantén a engranaxe funcionando deterase ante os nosos ollos. Esta é a sensación que antecede a unha estrea, e no caso da nosa titulación é así por demáis, quizais porque por en pé o desfile cada ano non forma parte do regulado, do programado académicamente, senón que supón un risco, unha aventura que este centro universitario asume como se fósemos produtores, managers, ou empresarios, como si presentásemos un produto que queremos comercializar, unha marca. En certo modo así é, temos unha marca, ESDEMGA, un proxecto formativo con vocación de excelencia, ese concepto tan levado e tan traído nos últimos tempos.

Pero tamén sabemos que son os nervios antes da nosa festa, porque eso é Debut, é a celebración do esforzo realizado, a celebración tamén de ter chegado ao final dun percorrido e ó comezo de unha nova etapa para os nosos estudantes, sobre todo é a nosa celebración da arte da moda e da creatividade. Nos preparamos co mesmo coidado que para unha festa coa que tamén queremos agasallar ós nosos amigos, os que nos acompañan no camiño. Queremos que todo sexa coidado e comfortable para ofrecer a todos os que se achegan cada ano a visitarnos o mellor de nós mesmos. Así que ultimamos os detalles e poñemos as nosas mellores galas para a ocasión, para abriros as portas e convidaros á festa. Benvidos un ano máis ó Debut.

Nestos momentos que estamos a vivir, de gran transformación no eido das formacións universitarias a través da converxencia europea, e tamén no eido das formacións artísticas pola reconversión de estudos superiores en formación equiparable á universitaria, atravesamos un periodo de especial incerteza. E neste contexto un tanto desdibuxado e con tintes de transitoriedade, Debut é a nosa aposta persoal, e colectiva, de estudantes, profesores e técnicos. Froito de moito esforzo pretende ser a nosa forma de decir: “Esto é o que facemos, esto é o que somos”.

Esdemga é un proxecto educativo en permanente revisión e acoplamento. É unha aposta de calidade, cun alto nivel de esixencia. Non falamos nin desde a falsa modestia nin desde a prepotencia, falamos desde o rigor dos resultados obtidos nun breve período de tempo cando afirmamos que esta é unha das mellores escolas de deseño na que un se pode formar se quere adicarse ó sector do deseño de moda, e ademáis o é desde Galicia, no punto xeográfico máis importante de todo o estado no sector moda. Non é un slogan publicitario, non o dí un folleto de promoción, o din os proxectos dos nosos estudantes, a calidade do xurado que ven a evalualos, o que amosamos ao mundo, e o din as empresas que contratan os nosos estudantes cada ano. Temos un modelo, un proxecto educativo unha forma de traballar que haberá que seguir axustando pero da que sentirnos orgullosos, xa que camiña na dirección mais desexable.

As fondas transformacións que está a sufrir o sistema universitario tranformará en moito os perfís profesionais pero tamén intelectuais do noso país. Dende o noso pequeno recuncho da problemática vimos esforzadamente reclamando unha formación académica

de calidade e de nivel universitario, que permita ó ambito do deseño desenvolverse axeitadamente no país. Non é necesario a estas alturas facer fincapé novamente na importancia que o deseño cobrou en todas e cada unha das facianas da nosa vida, o valor engadido a través de conceptos como usabilidade, sustentabilidade, pero tamén a través de toda outra serie de intanxibles que, sin embargo, son fundamentais á hora de propor un novo produto ao mercado. A necesidade de ter persoal formado no eido da innovación e da investigación neste sector, xa non é que sexa apremiante ,senon que nos está a envolver coma unha onda xigatesca.

Estamos a vivir tempos de crise, unha crise que no sector produtivo vencellado ó deseño de moda en Galicia ten un impacto redobrado pola crise xeral. Pero aínda que cando se está no centro do furacán pensar en futuro é algo difícil con todo é a única postura útil que se pode tomar. As crises son oportunidades para o cambio, a teoría a sabemos todos, pero costa moito atopar a alguén que teña a mirada elevada máis alá do feixe de problemas inmediatos. Nós formamos, polo tanto, ocupámonos fundamentalmente do futuro, esa é a nosa responsabilidade. Como temos a mala costume no país de non crer en nós mesmos, parecera que non nos damos conta do que existe. Temos diante de nós un dos sectores produtivos máis solventes de Galicia, a industria da confección-moda, aínda por riba non hai outra industria como esta en todo o estado. Neste sector agora mesmo o máis importante é a capacidade para construír proxectos diferenciais que se sitúen nun mercado que é unversalista, esto non é fácil naturalmente, pero sen dúbida necesita de perosal formado a un nivel superior que sexan capaces de dar resposta ás demandas actuais, é máis que posible que teñan que ser propostas e proxectos novos, moi diferentes aos que vimos nacer nas décadas previas, e son estos creadores que agora saen a escea os responsables de dar forma a ese futuro.

O recoñecemento que acadan os nosos estudantes non nos deixa impasibles, moi póla contra vivimos cada un dos seus logros como un éxito colectivo. A escasa traxectoria de ESDEMGA é unha realidade, é a terceira promoción a que se está a presentar,pero cada vez somos máis conscientes da importancia que ten na formación completa destes estudantes asumir o reto que supón poñer en marcha unha colección e poñela enriba dunha pasarela.Os nosos estudantes estánse a integrar nas empresas de todo o estado ocupando postos de responsabilidade e esto é unha satisfacción ao mesmo tempo que un acicate para seguir elevando o noso nivel de autoesixencia. Nestes momentos especialmente difíciles vividos ó longo do pasado ano, un 56% dos nosos titulados da anterior promoción obtiveron o seu primeiro traballo integrados en equipos de deseño, a cifra ascende a un 73 % si atendemos ós que obtiveron tamén emprego vencellado ó sector en departamentos comerciais. Naturalmente aspiramos ó 100% pero son unhas cifras positivas nos momentos actuais.

O traballo colectivo e as responsabilidades dos que están ao fronte deben ir máis alá, vótase de menos máis esforzo e apoios institucionais a este sector emerxente, de xente nova que son o presente pero especialmente son o futuro. Cando estabámos estes días atrás preparando todo o programa da semana de Debut falábamnos con algunha das nosas máis xóvenes promesas como Amai Rodríguez Coladas, que ven de acadar o premio L’Oreal á mellor colección no Ego de Cibeles, cunha colección que foi emocionante ver

xurdir na pasarela de Madrid, e foino por diferentes motivos pero o máis importante era quizais que alí estaba Amai presentando o seu proxecto en solitario, desde o seu esforzo, desde os seus medios creativos persoais, camiñando soa e sen complexos, abraíando a todo o mundo cunha colección fermosa, chea de referencias, cuidada, máxica, pero sobre todo persoal ,creible e de calidade. E unha vez feita a aposta, unha vez berrado ao mundo que o seu traballo é excelente, ¿agora qué? Esa mesma sensación xurdía nas conversas con José Castro, grande deseñador e creador inmenso e xeneroso, que puxo en pe un dos desfiles máis emocionantes de Cibeles este ano, despois de ter desfilado en París, despois de facer Cibeles e barrar coas mellores críticas e co premio á mellor colección ¿agora qué? Esa é a sensación maioritaria, precisamente aquí en Galicia onde o sector de produción de moda é mais forte e manexa as cifras máis importantes do estado, ¿qué camiños teñen abertos, que apoios articulados para comezar a crear un proxecto de futuro? Estas son as cuestións que están no aire, e que naturalmente rondan na cabeza dos que cada ano vemos saír da escola, unha nova xeración de extraordinarios creadores, de novos deseñadores que nunha porcentaxe pequena pero importante tería o desexo de por en marcha un proxecto propio, unha nova marca.

O sector da moda é especialmente complexo e non é aquí o lugar para analizar as súas características produtivas, pero deberíamos ser capaces de artellar un camiño posible para estos emprendedores. Da súa existencia, e do seu empuxe dependen moitos futuros. Algúns de esos futuros en cuestión están xa ultimando a súa saída ao mundo real, e para eso teñen preparado as súas mellores cartas de presentación: o seu traballo. Abrimos a porta ao mundo do imaxinario, da creatividade, para que xurdan, como se fosen froito da levedade, as propostas de esta nova xeración de creadores que nos sorprenden presentando igual número de propostas para home, que para muller ,non afai a suceder así, é relamente interesante esta confluencia de propostas para home. Como sempre con liñas de traballo propostas por tutores expertos, liñas que logo os estudantes escollen en función da afinidade persoal ou da curiosidade que lle suscita, pero sempre é chamativo ver como unha mesma proposta temática se resolve a niveis de resultado tan diversos.

Aos ollos, donos dunha mirada propia onde a había, de Esther Lebrato a personaxe de “O coleccionista” -unha das figuras de estudio que vemos encarnarse en diversas peles- xurde como un ser complexo e excéntrico que, citando a Benjamin, destrúe a practicidade dos obxectos, é un maníaco irredento que se afana na acumulación sen medida, mentras que Eva Soto, poseedora dun talento manual extraordinario, e apaixonada pola construción artesanal, traballa co lado mais “doce” do coleccionismo , baleirando paxaros do natural en caramelo, e erguendo nun imposible equilibrio vertical tocados dunha beleza que extráñase de si mesma. As referencias cinematográficas do homónimo film de William Wyler é a perspectiva que sobre a personaxe do coleccionista presenta Paula Arnosó, tanto pola ambientación británica, como polo aletear conbulso das bolboretas que o envolven todo. Outra das personaxes sobre a que se construíron as narrativas que vemos xurdir agora en forma de colección, é a silueta densa e afumada de Marlene Dietrich. Na colección firmada por Victoria Monasterio resoa todo o glamour e a elegancia da diva berlinesa que resulta a un tempo duro á par que luxoso, robusto e sutil, masculino á par que feminino, androxinia asexuada ao tempo que sexy. Maria Fente tamén queda atrapada na corrente de influencia que emana a figura de Marlene Dietrich, no seu traballo as referencias masculinas dos

traxes de home,nos falan da Marlene de “Der Blau Engel” e de “Shanghai Express”. Froito tamén dos dóbres sentidos, do que non está evidenciado ,o que permanece acubillado, do monstuoso agachado no pacífico, xurden as coleccións baseadas na cinta “Catpeople” de Jacques Turner do ano 1942, esta película de terror que é a que ambienta a proposta de Daniel Menéndez, unha colección para home na que os materiais escollidos, rasos e organzas, pel e cachemire na que contención se desborda no sutil dos acabados. Esta polaridade interna está presente tamén na colección que para muller presenta Paula Lages a través dunha atmósfera máis desafiante na que a dimensión visual e táctil dos materias xoga un papel moi importante.

Nunha clave radicalmente diferente está a proposta de Alba Bermúdez Rivera , moito mais achegada a unha revisión pop da chegada do home á lua. Alba traballa as propostas gráficas, cunha visión desenfadada e arríscase con materiais plásticos e cos acabados en pan de prata sobre neopreno.

Andrea Martín Franco aplica unha visión caleidoscópica sobre o tropicalismo e nos propón unha colección relaxada e exultante de vida.

Do mundo dos superhéroes se nutren as cabezas dos creadores a través de moi diferentes relecturas, nos asomamos ós universos de Carmen Mogo e de Iria Martinez. A primeira se ocupa do alter ego de Supeman, Clark Kent, aparentemente normal e tímido, parece sorprendido de que, ás veces, o home de aceiro se desprenda da súa propia personalidade. Para Iria o cocktail é aínda máis complexo xa que o mundo do fútbol e a roupa deportiva entra na cockteleira con Spiderman, todo levado da man da histórica marca Umbro, unha colección rigorosa e chea de matices e sorpresas, recollendo unha das notas que figuraban no portafolio de Iria, “la pelota nunca viene hacia uno por donde se espera que venga”

As resonancias étnicas afloran no proxecto de Isabel Mastache, esta proposta alberga fragmentos de diversas culturas, india e centroeuropa pero tamén galega. Estas diminutas porcions únense para conformar desafiantes pezas de decidida vontade volumétrica nas que os materias, que van desde a porcelana ao mohair, pasando polos libertys e os saris, sobrepóñen uns aos outros , coas súas tradicións introducidas como nunha fenda na terra na que poidésemos ver a historia estratificada, a ruína que nutre o anxo da historia.

O fráxil equilibrio ,a conquista poética dos espazos son algunhas das ideas que penetran tamizadas no último proxecto que se presenta nesta edición. Patricia Gago recupera a figura do funanbulista, o nómada do vacío encarnado en Philippe Petit e a súa odisea no 74 cruzando sobre un cable de aceiro as torres xemelgas de New York.

Debut 09 está xa preparado para dar comenzo, está rodeado coma sempre de múltiples actividades, este ano temos que amosarlle unha especial gratitude a José Castro que comeza coa nosa escola un novo experimento en forma de workshop, que se desnvolverá ao longo do ano cos nosos estudantes de primerio curso. Tamén temos a oportunidade de realizar un taller de técnicas de ilustración con Berto Martinez, un mágnifico e reputado debuxante que ademais estivo encantado de colaborar coa publicación de Debut 09, gracias Berto pola túa xenerosidade. Tamén contamos cun taller creativo, UNDO Moda, proposto por Francoise Winberg e Vanessa Losada, especialmente pensado para traballar a medio camiño entre a moda e a creación pura, e que pretende trocar a mirada coa que os estudantes que empezan se achega a este universo. E por último, que non en derradeiro lugar, a nosa gratitude ao Sr Boullosa, un xastre maravilloso que aceptou sair unhas horas do seu obradoiro e traballar con nós, organizando unha “Clase Magistral” sobre

a construción técnica da chaqueta. Todo un luxo de colaboradores que nos permiten matizar e profundizar en aspectos formativos de importancia. Nestos días tamen podemos contar con diferentes encontros cos creadores que se achegan a traballar con nós, quero especialmente agradecerlle a Amai Rodríguez Coladas e a Marta Montoto a súa boa disposición para con este proxecto.

O xurado co que contamos este ano é realmente extraordinario, a todos eles moitas gracias por confiar no proxecto ata o punto de invertir uns días da súa axenda achegándose a Pontevedra para a nosa presentación. Non hai maior xenerosidade que a de ofrecer un tempo da túa vida, a un proxecto cando o tempo escasea tanto nestos profesionais. A mesma xenerosidade que lle agradecemos a María Del Mar Nicolás e a Susana Cendán por cedernos a súa visión rigorosa de distintos xénios da moda- Fortuny, Margiela, e Chalayan.

É lóxico tamén que todos os anos agradeza ao equipo de Esdemga e ao personal da Facultade de Belas Artes a súa implicación, pero non por repetido un ano tras outro ten menor intensidade o agradecemento, Rocio Gómez Juncal e Cristina Varela Casal, son o corazón produtivo de DEBUT, sin elas todo se viría abaixo incluso ó 40% son capaces de facer o 100% que faría calquera. Para elas é todo o recoñecemento persoal e profesional que se poda acumular arredor de dúas persoas. O desfile é un árduo traballo colectivo, todas as partes son igual de importantes, o esforzo que realizan estudantes e equipo é realmente moi importate. Se implican profesores, becarios, estudantes, directores de proxecto, e un largo etc, de persoas que simplemente nos prestan apoio e colaboración. Gracias a todos.

Decía antes que ceder tempo de un mesmo é o maior acto de xenerosidade posible, para moita xente á que a súas responsabilidades profesionais a deixan apenas con resquicios para o persoal. E sen dúbida si a alguén lle resulta acaída esta descrición é a Charo Frojan e Alfredo Olmedo, para eles non pode haber nunca palabras suficientes de gratitude polo traballo que realizan á fronte da dirección artística do desfile. Un esforzo que fan ao longo de todo o ano e dende calquer punto do mundo no que se atopen. Sempre están a organizar o seguinte Debut. Un proxecto formativo ou de calquer tipo vale o que valen as persoas que o conforman, ese é o único segredo. Temos a inmensa fortuna de que nos arrodeen os mellores profesionais, e sobre todo as mellores persoas que coidan e miman o proxecto desde a complicidade, o afecto, o compromiso, e a responsabilidade polo colectivo.

O capítulo de agradecementos é amplo e sentido, tamén está adicado a todos aqueles que ano tras ano, co seu interese, se achegan a ver o que fixemos en ESDEMGA e precisamente con ese interese nos dan animo para seguir traballando.

Un ano máis é o momento do DEBUT.

Lola Dopico
Directora de ESDEMGA

ILUSTRACIÓN

Berto Martínez






ILUSTRACIÓN

Esther Lebrato





WORKSHOPS DE MODA

Luns 23, novembro
11:00/13:00 - 16:00/19:30 h.
Workshop UN-DO Fashion: Repensar e refacer Moda, François Winberg e Vanessa Losada.

Martes 24, novembro
11:00/13:00 - 16:00/19:30 h.
Workshop de Ilustración de moda, Berto Martínez.

Mércores 25, novembro
11:00/13:00 - 16:00/19:30 h.
Workshop de xastrería, J.J. Boullosa.

Venres 27, novembro
11:00/13:00 h.
Seminario maxistral, José Castro.

Previa inscrición do 16 ao 19 de Novembro
no despacho ESDemGA, Facultade de Belas Artes.

MARTÍN MARGIELA
HUSSEIN CHALAYAN

Susana Cendán



Martin Margiela >< Hussein Chalayan

Finaliza o ano 2009 deixándonos un sabor de boca irrepetible, grazas á celebración de dous acontecementos expositivos excepcionais: a retrospectiva que o prestixioso MoMu de Amberes dedicou a un dos seus fillos predilectos, Martin Margiela, e a cita inescusable que nos propuxo o Design Museum de Londres ao redor da figura doutro grande da moda, Hussein Chalayan. Dúas institucións punteiras na promoción da moda e aquelas disciplinas relacionadas co deseño que non fan máis que lembrarnos a cortedade de miras da maioría das institucións españolas, alleas ao que se coce nun mundo estratéxico para a formación, non só de talentos creativos, senón tamén para o relanzamento dunha industria da que en España -ou mesmo en Galicia- viven miles de persoas. Conscientes desta problemática, en ESDEMGA quixemos viaxar a Amberes e Londres respectivamente para ofrecerlles unha mirada detallada de todo canto contiñan ambos os shows. E isto é o que nos atopamos.


Margiela, un artesán ao contraxeito

Nada mellor para penetrar no universo Margiela que visitar a exposición que acaba de finalizar no MoMu ¹, o prestixioso Museo da Moda de Amberes. Ir ás súas tendas é unha alternativa, pero non é o mesmo. A montaxe da mostra co que a Maison celebra o seu vinte anos no mundo da moda era tan complexo, sofisticado e envolvente que calquera observador profano podería quedar descolocado e pensar ante que clase de creador se atopaba. E é difícil achar, si este fose o obxectivo, a diferenza entre o concepto Margiela e o de moitos artistas que se moven na órbita do contemporáneo. É máis, penso que Margiela supera a bastantes deles no manexo maxistral de determinados conceptos: a identidade, o apropiacionismo, a deconstrución, a conceptualización do tempo e a súa mirada tan particular do corpo humano.

Para que se fagan unha idea do calado do personaxe mencionarei unha exposición mítica que tivo lugar hai doce anos no Boijmans Van Benningen Museum de Róterdam. Naquela experiencia extrema, Margiela decide baleirar o espazo expositivo e situar no exterior -no alféizar das xanelas- dezoito bustos axustables Stockman -o maniquí estándar que se usa na confección- lucindo unha serie de deseños nos cales se inxectou previamente esporas de moho. Así, expostas ao vento e ao frío, as pezas mutaban debuxando unha marabillosa metáfora entre o ciclo natural da creación e a súa decadencia.

A cidade na que se formou Margiela e desde a que brillou formando parte dos encumbrados 6 de Amberes, xunto a Dries Van Noten ou Ann Demeulemeester, recibe orgullosa ao fillo pródigo que un día a abandonou para convencer ao mismísimo Jean Paul Gaultier do seu talento. Será en 1987, xunto á súa socia Jenny Meirens, cando Margiela

1. *Maison Martin Margiela '20' The Exhibition*. MoMu. Museo de la Moda. Amberes. Do 12 de setembro de 2008 ao 8 de febreiro de 2009.



funda a súa propia marca despois, e isto é o excepcional, de pasar un ano repensando e deseñando as que serían os seus acenos de identidade, unha das cales é, precisamente, a ausencia dunha identidade recoñecida. As pezas deberían de falar por si soas, de aí as etiquetas iniciais, un anaco de tea branca cosida burdamente á peza. As saídas de ton de John Galliano disfrazado de Napoleón para saudar despois dos seus desfiles ou o marcado de paquete de Karl Lagerfeld parecen non ir con Margiela do que se descoñece -polo menos publicamente- o seu aspecto físico. Non traballa con modelos estrelas, non desfila en espazos convencionais e o lema da casa é o traballo en equipo. Non existe Margiela, existe a Maison Martin Margiela e os seus colaboradores vestidos con batas brancas, unha clara homenaxe aos artesáns da alta costura. E aquí atopámonos con outro dos acenos de identidade da casa: o valor que se lle concede ao proceso artesanal, creando moda cos restos que unha sociedade obesa refugou. Artesanal é quizá a colección estrela da Maison: cazadoras feitas con sandalias, xerséis realizados con calcetíns militares ou chalecos elaborados con bixutaría. Pezas únicas que indican sempre o total do tempo empregado na súa manufactura. É a resposta da Maison á alta costura, ao sistema tradicional da moda, apropiándose do traballo manual e individual para a creación de pezas únicas, aínda que os materiais ou o resultado non sexa especialmente luxoso. Imposible evitar aquí as asociacións, as innumerables chiscadelas de Margiela non só á moda, senón á historia da arte máis recente. De feito as pezas que compuñan a colección Artesanal estaban expostas -como xoias- nunha especie de vitrinas nas que o apagado e aceso da iluminación dirixían os pasos do espectador dun deseño a outro. E é que ² Peggy Guggenheim foi moita Peggy.

As achegas de Margiela ao mundo da moda son silenciosas pero contundentes. Ao non interesarlle a ansia de cambio da industria, o deseñador regresa unha e outra vez ás súas ideas básicas. Por iso é o máis moderno dos antimodernos. Aínda que os que adoramos o seu traballo tememos que o novo rumbo que tomou a firma desde que foi absorbida por

2. A montaxe desta sección estaba claramente inspirada no que Kiesler diseñou en 1942 para *Art of this Century* a mítica galería que abriu e dirixiu Peggy Guggenheim na súa etapa neoiorquina.

DIESEL acabe tirando por terra a súa xenial filosofía. Costa traballo entender a convivencia entre dous universos tan dispares.

Para comezar os desfiles volvéronse máis convencionais, a apertura de tendas disparáronse, comezaron a deseñar lentes e xoias -marabillosas, no entanto-, e anúnciase a chegada dun perfume para o ano que vén. A palabra democratización soa recurrentemente de maneira sospeitosa. E, honestamente, pensando no chunda chunda ou no look metrosexual dos dependentes das franquías Diesel, a cousa dá un moito medo.

Moda con contido

No outono de 2000 Hussein Chalayan (Nicosia, Chipre, 1970) presentou unha colección cuxa pegada non deixou de conmocionarnos. After Words, concluía cunha performance na que catro modelos vestían fundalas de tea que cubrían catro cadeiras, mentres que unha quinta concluía o show pódose unha mesa de listóns de madeira por monteira. Finalmente os mobles encartábanse converténdose en maletas que as modelos portaban suxerindo viaxes cara a rumbos incertos. A colección completábase cuns deseños sutís e refinados -o marabilloso traxe elaborado con superposicións de tul azul- que, sen facer alusión ao traballo de ninguén, adquiriron o carácter de icono.

A particular aventura de Chalayan no mundo da moda comezara anos antes co seu inesquecible traballo de gradación para a Central St. Martins de Londres, enterrando distintas pezas no xardín da súa casa coas que investigaba as variacións que experimentaban os vestidos, sometidos durante meses aos rigores da climatoloxía e a natureza. A proposta, segundo din, chegou a sorprender á mismísima Anna Wintour a cal animou ao deseñador a emprender unha carreira en solitario que se mantén na cúspide até hoxe mesmo. A mostra coa que o Desing Museum³ de Londres celebra o quince anos do deseñador no mundo da moda é boa proba diso. Con todo non todo é moda no universo deste creador xenial ao que axiña que atopamos editando un vídeo para as institucións máis prestixiosas de Europa, preparando a súa participación para representar a Turquía na Bienal de Venecia (2005) ou formando parte dunha das coleccións de arte máis estimulantes deste país, a do MUSAC. Chalayan non reduce o seu imaxinario ao mundo da moda porque o seu son as ideas, as ideas sen etiquetas, un concepto non do todo asumido por moitos programadores patrios incapaces de sobrevivir máis aló dos departamentos estancos que eles mesmos crearon, illándose do “perigo” de absurdas e posibles contaminacións. O resultado, un aburrimiento infinito pero tamén un estímulo para viaxar e descubrir propostas novas, rigurosas e serias como as que a miúdo nos ofrece o Design Museum de Londres.

3. *From Fashion and back*. Design Museum. London. Do 22 Xaneiro ao 17 Maio de 2009.

A montaxe da exposición, dunha gran sobriedade conceptual, é a tradución da complexa maquinaria intelectual que se esconde detrás, a confirmación absoluta de que chegar ao sinxelo continúa sendo privilexio duns poucos. Quizais tras ese coidado ascetismo que percorre a traxectoria de Chalayan -un tipo afable ao que lle gusta sobre todo conversar- subxace a súa dobre nacionalidade, as súas orixes turco-chipriotas, a súa capacidade para facer da súa condición británico-mediterránea unha virtude. Unha dualidade que lonxe de ser un impedimento permite ao voyeur Chalayan analizar ambas as realidades desde múltiples perspectivas, así como gozar do status de deseñador profundo capaz de interactuar con disciplinas non necesariamente vinculadas ao mundo da moda -a antropoloxía, a historia, a ciencia, a filosofía ou a tecnoloxía- sen perder credibilidade no intento. A súa relación coa tecnoloxía, por exemplo, consolidouno como un artista híbrido e visionario, creando deseños de fibra de carbono que, a través de controis remotos, transforman a aparencia convertendo o corpo humano nun ente artificial e con todo poético: cando o vestido ábrese mostra un delicado corpo de tul no seu interior.

Ademais das esaxeradas expectativas depositadas pola nosa sociedade na tecnoloxía, Chalayan cuestiona a través dos seus traballos de moda problemáticas tan controvertidas como a neurosis xerada ao redor do terrorismo internacional -imposible de esquecer aquelas imaxes televisivas da era Bush na que miles de americanos acudían ás tendas a comprar máscaras para protexerse dun posible ataque con armas químicas-. Infundir o pánico de maneira maniquea funciona, comprobámolo cada día grazas ao labor persistente de determinados políticos e medios de comunicación. Consciente diso, Chalayan crea unha peza de vídeo, A presenza ausente -realizado para a Bienal de Venecia de 2005-, na que mulleres anónimas e non británicas doan roupa da que se extraen células para, unha vez examinada a súa secuencia de ADN, especular como sería a súa aparencia física. O vídeo protagonízao a actriz inglesa Tacha Swinton, cuxa peculiar androginia parece conquistar a alma de moitos deseñadores. Os holandeses Victor & Rolf dedicáronlle toda unha colección, aínda que as súas formulacións conceptuais son menos crípticos e máis irónicos que os do creador chipriota. Coinciden iso si, na procura de novas canles a través dos que expresarse, en utilizar a moda como un medio para investigar conceptos que van máis aló do estritamente comercial. Aínda que como me advertiu unha amiga⁴, Chalayan xamais riría contigo no sofá da túa casa vendo Sexo en Nova York, e Victor & Rolf si. Unha boa razón para decantarse, aínda que de momento prefira non facelo.

Susana Cendán

4 ... que desexa permanecer no anonimato...

JOSÉ CASTRO



É para mi unha honra que a calidade siga sendo o emblema de Galicia, e máis agora que tiven a grata oportunidade de descubrir ESDEMGA, a escola que máis me impresionou a nivel de calidade e creatividade. ¡Viva Galicia, Galicia calidade!

Sempre me mantiven fiel ao concepto que a moda non só é creatividade, senon tamén comunicación e presentación, e esto o encontramos en ESDEMGA, onde gracias a unha visión en común, e a un gran equipo humano e profesional permitiron que ESDEMGA vaia en camiño de ser cada vez máis vangarda e calidade.

Mil gracias por todo,

Jose Castro

PROXECTOS SEGUNDO CURSO

INSECTARIOS E HERBOLARIOS

O DISEÑADOR, ARQUITECTO E FOTÓGRAFO ITALIANO CARLO MOLLINO

ZEPPELINS E MÁQUINAS VOADORAS

SISTEMAS CRISTALOGRÁFICOS E CALEIDOSCOPIOS

ÁUREA ABURTO

Fotografía: Fernando Suárez



ANA CARBALLO

Fotografía: Fernando Suárez



ALBA CARDALDA

Fotografía: Fernando Suárez



ADRIÁN CASTRO

Fotografía: Fernando Suárez



LAURA DE LAS HERAS

Fotografía: Fernando Suárez



ESTEFANÍA DIÉGUEZ

Fotografía: Fernando Suárez



MARÍA DOMÍNGUEZ

Fotografía: Fernando Suárez



ISABEL MOSTEIRO

Fotografía: Fernando Suárez



SILVIA MOURE

Fotografía: Fernando Suárez



ANDREA MUIÑOS

Fotografía: Fernando Suárez



IRENE MUIÑOS

Fotografía: Fernando Suárez



MARTA PARENTE

Fotografía: Fernando Suárez



NATALIA PÉREZ

Fotografía: Fernando Suárez



CRISTINA RODRÍGUEZ

Fotografía: Fernando Suárez



LUISA FERNANDA RODRÍGUEZ

Fotografía: Fernando Suárez



ANTONIO SANTOS

Fotografía: Fernando Suárez



**FORTUNY.
A ELEGANCIA
INDEFINIBLE**

María del Mar Nicolás



Fig 1. Knossos. Mariano Fortuny y Madrazo. Museo del Traje



Fig 2. Knossos. Mariano Fortuny y Madrazo.

Nunha carta datada en Roma, o 15 de setembro de 1873, Cecilia de Madrazo Garreta relatáballe en ton divertido ao seu pai, o gran pintor Federico de Madrazo e Kunz, o comentario que fixera o seu fillo pequeno, Mariano Fortuny e Madrazo (Selecta, 1871-Venecia, 1949), un neno de pouco máis de dous anos de idade, cando, paseando unha mañá pola cidade de Roma, viron a unha muller vestida con “moitísimos lazos e perifollos”: “Mamma, guarda lei quella ridicola”.

A anécdota, probablemente esaxerada polo lóxico orgullo materno, ilustra, no entanto, o discernimiento que sempre manifestou o eclético e xenial Fortuny acerca de todo aquilo que tivese que ver coa beleza e a elegancia, unhas cualidades, para este artista, asociadas co gusto máis refinado e exquisito e contrarías naturalmente ao superfluo e vulgar. Así, toda a súa extensa e fecunda obra, desenvolvida dentro de campos creativos tan diversos como a pintura, o gravado, a escenografía, a luminotecnia, o deseño téxtil e a moda, tivo con fin último a procura do Belo, “un algo ardente e triste, quizá un tanto vago... que suxire... voluptuosidad... melancolia.. ardor (e) desexo de vivir”¹, segundo a definición dada polo gran poeta simbolista e crítico de arte francesa Charles Baudelaire (1821-1867), que, con todo, e de igual xeito, podería ser enunciada polo propio Fortuny, de sensibilidade esteticista e pensamento finisecular. Ese afán incansable por facer da beleza a causa inmanente da arte foi, de feito, o sentimento que guiou a Mariano Fortuny no seu discurrir polo mundo cambiante e efémero da alta costura, no que se penetrou atraído polo luxo e a extravagancia da sociedade europea da *Belle Époque* e acompañado da muller que logo sería a súa esposa, Henriette Nigrin (1877-1965), coautora da totalidade de “...as roupas, abrigos, vestidos e traxes...” creados pola firma *Fortuny*, como así consta no testamento da referida dama, redactado en Venecia en 1952.

No texto *Notes Biographique sur Mariano Fortuny e Madrazo. Pintor español*, escrito ao redor de 1931, Fortuny recorda que foi por mor de coñecer e estudado certos fragmentos de cerámica grega, atopados durante as escavacións dirixidas polo arqueólogo inglés Arthur Evans (1851-1941) na illa de Creta, publicados en *The prehistoric tombs of Knossos* (1906), cando tivo a idea de crear a súa primeira peza de vestir, un veo ou chal en satén de seda ou en gasa de seda que mide, aproximadamente, 4 ´ 5 metros de ancho x 10 metros de longo, ao que deu o significativo nome de *Knossos*, por estar ornamentado con motivos decorativos inspirados naqueloutros que adornan a cerámica cretense, entre os que se atopan, por exemplo, as rosetas, as flores de papiro, as palmetas, as bandas de grecas e meandros, as liñas en zigzag e os escaques. Para levar a cabo a estampación destes delicados detalles, sempre en negro, azul e ouro sobre exquisitas sedas de cor branca, crema ou salmón, Fortuny ideou un método de impresión por ferros gravados, dado a coñecer en sendas patentes rexistradas en París en 1909 e 1910, baseado nun procedemento artesanal xaponés que traballa con finísimas persoais de papel de arroz chamadas *katagami*, unhas matrices coñecidas en Europa desde finais do século XIX, que se utilizaban tradicionalmente en Xapón para decorar as teas dos kimonos.

1. A cita extráese de: SCARAFFIA, Giuseppe. *Diccionario do Dandi*, Madrid, Antonio Machado Libros, 2009, p. 91

O *knossos*, que recrea unha peza da vestimenta grega antigo, o *himation*, un manto de abrigo usado principalmente polas elegantes do período helenístico, foi dado a coñecer, o 29 de marzo de 1906, no transcurso da velada de inauguración do teatro privado da condesa de Béarn en París, aínda que a presentación oficial destes chales, dos que se chegaron a deseñar ata quince prototipos, tivo lugar en Berlín, o 24 de novembro de 1907, nunha *matinée* onde actuou a bailarina norteamericana Ruth Saint Denis ataviada cun destes maravillosos veos “...pintados polo sol, rozados pola lúa, asperxidos de pingas de estrelas...”, tal e como os describe o escritor Henri de Lavedan (1859-1940) na crónica aparecida na revista *L’Illustration*, de 22 de abril de 1911, redactada á mantenta da ampla mostra que presentou Mariano Fortuny dos seus extraordinarios veludos estampados e de “...unha serie de vestidos femininos, túnicas, chales, veos, especies de camisas persas e indias, cretenses, gregas, exipcias (e), *gandouras* lixeiros...” na Exposición das Artes Decorativas celebrada en París no ano anteriormente citado.

Pese ao éxito indubidable que obtiveron todas estas pezas entre a sociedade europea e norteamericana do período de entreguerras, o nome de Fortuny forma parte da historia da moda grazas a un vestido, o *delphos*, chamado así por Henriette Nigrin en recordo e homenaxe ao famoso bronce do *Auriga* (ca. 476 a.C.) do santuario grego do mesmo nome. Trátase, como xa se escribiu noutras ocasións, dunha refinada e exquisita túnica, confeccionada en raso e tafetán de seda, inspirada no quitón jónico -non en balde, como afirmaba o pintor James Whistler (1834-1903), “a historia do belo xa está escrita nos mármores do Partenón”-, que ten por maior virtude o plisado-ondulado da tea, hoxe, “plisado Fortuny”, conseguido, en parte, por medio dun sistema patentado polo artista español en 1909. A información que proporciona a patente indica, de xeito moi sucinto, que o primeiro paso do proceso consistía en engurrar coas mans o tecido húmido, remarcando cada dobrez coa uña do dedo pulgar, para logo, a través dun procedemento semi-mecánico, lograr o cadencioso ondulado dos pliegues cun curioso dispositivo ideado polo propio Fortuny. Con todo, o resultado último deste drapeado débese ás manipulacións posteriores que sufría a seda e que eran levadas a cabo persoalmente por Henriette Nigrin, coa axuda dun



Fig 3. Delphos. Mariano Fortuny y Madrazo




Fig 4. Delphos (detalle). Mariano Fortuny y Madrazo

especializado grupo de operarias, na intimidade do taller que tiña instalado Mariano Fortuny no piso alto do palacio Orfei, a súa residencia definitiva en Venecia. A este respecto, no *Fondo Mariutti-Fortuny* da Biblioteca Nacional Marciana de Venecia² consérvase un curioso e, á vez, interesante documento, datado do 1 de outubro de 1942, relativo á confección dun *delphos* de cinco teas, que serve, xunto coa información verbal que proporcionou no seu momento unha antiga operaría da casa, Clara Pravato³, para saber algo máis sobre esta última fase do proceso. Así, unha vez encartado e ondulado o raso ou o tafetán, volvíase a retorcer a tea ata conseguir novos pliegues que se fixaban por calor con almidón ou, na súa falta, cunha cola fabricada a base de clara de ovo, labor que ocupaba a dúas operarias durante cinco horas, para, a continuación, tardarse outras 14 horas máis en “volver pór branda” a seda, é dicir, en limpala de residuos ata devolverlle a súa primitiva lividez⁴.

A partir desta *toile* facíase o vestido, cuxo prototipo foi patentado por Mariano Fortuny en París en 1909. A feitaura susténtase en catro rectángulos de tea, aumentados ata cinco panos a partir de 1919 ó 1920, duns 30 centímetros de ancho e entre 430 e 450 pliegues, que apoian nos ombreiros e caen libremente ao longo do corpo. Os modelos poden levar mangas e distintos tipos de pescozo e, moitas veces, prolónganse ata o chan abríndose a “toda roda”, de forma similar aos quitones representados na estatuaria das *korai* da illa grega de Samos. A variante chamada *peplos* complétase cunha blusa curta, de igual material e cor que a túnica, cuxos bordos van rematados en puntas orladas con minúsculas “contas” de Murano inseres en cordoncillos de seda. Estas perlitas de pasta vítrea, que tamén adornan as costuras laterais do vestido, así como os cintos de

2. Biblioteca Nacional Marciana de Venecia. *Fondo Mariutti-Fortuny*. M.5.7.3.

3. A entrevista con Clara Pravato fíxo a artista austríaca Liselotte Höhs, coleccionista da obra téxtil de Fortuny, en 1996. Algunhas das informacións reproducense no estudo de Doretta DAVANZO POLI ““Étoffes et Vêtements”, publicado en DESCHODT, Anne-Marie. *Mariano Fortuny. Un magicien de Venise*, París, Ed. Regard, 2000, pp. 137-187.

4. Nun *delphos* de cinco teas tardábase unha media de máis de vinte horas na súa confección. O custo da peza en taller era de 3.134 liras. Vendíase a 17.785 liras, incluídos os impostos, aínda que o prezo de mercado oscilaba, segundo o modelo, entre 49.000 e 65.000 liras. Biblioteca Nacional Marciana de Venecia. *Fondo Mariutti-Fortuny*, M.5.7.5.



Fig 5. Delphos. Mariano Fortuny y Madrazo



Fig 6. Delphos (detalle). Mariano Fortuny y Madrazo



Fig 7. Chaqueta. Mariano Fortuny y Madrazo

raso de seda con motivos estarcidos en ouro e prata, son detalles que se deben á inventiva e o “bo gusto” de Henriette Nigrin, como así se fai saber nunha carta datada en Madrid, o 1 de xaneiro de 1952, escrita por María de Cardona, a concesionaria das creacións téxtiles de Fortuny en España⁵, e son os únicos adornos que presentan os *delphos*, onde todo aditamento é banal polo seu elegantísima sobriedade.

